3

Actividade Política na clandestinidade

O galeguismo despois da Guerra Civil



Día das Letras Galegas 2009

Ramón Piñeiro

Nos primeiros días o que máis se notaron foron as medidas do estado de guerra (...), pero pasado algún tempo comezaron as detencións. Logo, os paseos, Iniciouse o terror, o grande medo que ia en aumento. Polas noites, cando sentías o motor dun coche encolliaseche o corazón de angustia pensado onde pararía. Se pasaba sen se deter respirabas tranquilo. Logo, polas mañás, pescudabas con medo as novas dos que morreran aquela noite.En varias ocasións foi sinalado o meu nome para ser incluído nas listas das vítimas, pero sempre xurdiu algún defensor decidido que me vetou. E aínda máis:aqueles defensores endexamais me informaron nin me venderon o favor (...). Así fun sorteando sucesivos perigos, ás veces ocultándome na casa dalgún amigo non sospeitoso, outras na casa dalgún parente da aldea, durante certo tempo en Láncara (...) Mentres, foron desaparecendo moitos compañeiros: uns, como Bóveda, foron fusilados; outros,como Galán Calvete, paseados; algúns estaban presos agardando o consello de guerra; outros fuxidos no monte.

Ramón Piñeiro. Entrevista.
[En Víctor Freixanes *Unha ducia de galegos*, 1976]

Ramón Piñeiro detido xunto a outros presos políticos.

Ao final da Guerra Civil empeza os seus estudos na Universidade de Santiago onde coincide con algún dos superviventes das Mocidades Galeguistas.

En 1943 participa activamente na reorganización clandestina do galeguismo. Tres presupostos:

a) Reivindicación autonómica
b) Fronte de oposición democrática á Ditadura en alianza cos vascos e cataláns
c) Contacto permanente co galeguismo no exilio.

En 1946 cruza clandestinamente a fronteira para reunirse en París co Goberno da República no exilio e coñecer as estratexias para restablecer a República. Até alí leva a proposta do Consello de Galiza de propoñer a Castelao como ministro do goberno republicano no exilio.

De regreso a Madrid, onde estudaba Filosofía e Letras, é detido pola policía e condenado a 6 anos de prisión.

Ao saír do cárcere regresa a Compostela onde continúa coa súa actividade política clandestina.

En virtude das declaracións anteditas acordouse constituír unha entidade denominada Consello de Galiza (...) e, como primeira medida acordou, por unanimidade (...) conferir a Presidencia do Consello a Afonso Rodríguez Castelao, quen fica autorizado dende este intre para levar as negociacións de alianza cos Presidentes de Euskadi e Catalunya a fin de que Galicia entre, con propia personalidade e tripla forza, nunha concordia xeral española capaz de derrubar o réxime franquista e restablecer a liberdade en España.

Acta de constitución do Consello de Galiza. Montevideo, 15-11-1944

Daniel Rodríguez Castelao presidindo o Consello de Galiza.

DENANTES MORTOS QUE ESCRAVOS

IES Beade-Vigo

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística